

GUÍA DOCENTE DE **PLANIFICACIÓN E DESEÑO DE PROXECTOS CULTURAIS I-IV**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 171/2016, DO 24 DE NOVEMBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: PLANIFICACIÓN E DESEÑO DE PROXECTOS CULTURAIS I-IV										
ESPECIALIDADE	Produción e Xestión							ITINERARIO	-----	
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE	Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	DEPARTAMENTO					Produción e Xestión
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1,5h.
ECTS/CUAD.	3	3	3	3					Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Coñecemento das estruturas e tendencias socioculturais actuais e os elementos que interveñen na produción artística. Planificación de proxectos culturais e artísticos, cos seus mecanismos e estratexias de promoción específicas. Peculiaridades da xestión de recursos humanos nas empresas e institucións do mundo da cultura e do espectáculo.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuatrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuatrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T6, T7, T9, T10, T11, T13, T15, T17
COMPETENCIAS XERAIS:	X5, X10, X11, X12, X14, X16, X17, X18, X21, X23, X25, X27
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EPX1, EPX2, EPX3, EPX6, EPX8
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 171/2016, do 24 de novembro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Traballar no coñecemento das estruturas actuais da produción artística	T1, T2, T6, T7, X5, X11, X12, X14, X16, X17, X23, X25, EPX6.
Planificar proxectos artísticos e culturais	T1, T2, T3, T5, T6, T9, T7, T11, T15, T17, X10, X17, X18, X21, X25, X27, EPX2, EPX3.
Xestionar recursos humanos das empresas do sector cultural	T1, T2, T3, T5, T6, T9, T10, T13, T17, X17, X21, X25, X27, EPX1, EPX8.



4. CONTIDOS

Introdución e desenvolvemento das diferentes estruturas da produción cultural e artística

Planificación e desenvolvemento de proxecto de diversa índole cultural e artística

Coñecemento das diferentes estratexias e lexislación de tratamento de recursos humanos e estruturas e tecido empresarial do sector artístico e cultural

METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases teóricas	Presencial	Durante o cuadrimestre
Exposición de traballos	Presencial	Esporádica
Probas	Presencial	Ao final do cuadrimestre
Titorías	Presencial	Esporádica
Pescuda de información	Non presencial	Durante o cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á "avaliación alternativa" e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestre da disciplina*